



## **MEMORIA DE CALIDADE**

**Escola Técnica Superior de Enxeñaría**

**Curso Académico: 2015/2016**

**Aprobación pola Comisión de Calidade da ETSE: 10 de Marzo de 2017**  
**Aprobación pola Xunta de Escola da ETSE: 23 de Marzo de 2017**

## Índice

1. Introducción .....	2
2. Plano Executivo de Calidade .....	5
3. Seguimento da Programación Plurianual do Plano Estratéxico .....	6
4. Seguimento dos Planos de Mellora anteriores .....	8
5. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade .....	11
6. Plan de Melloras do Centro .....	12

## Anexos:

- Anexo 01: Plano Executivo de Calidade
- Anexo 02: Actualización da Programación Plurianual
- Anexo 03: Resultado das Accións de Mellora
- Anexo 04: Plan de Melloras do Centro 2016-2017
- Anexos 05: Informes de Seguimento dos Títulos

 Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2015/2016
		Páxina 2 de 13

## 1. Introducción

A Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE), dende a súa creación no Diario Oficial de Galicia (DOGA) o 24 de maio de 2002, apostou decididamente pola implantación de estratexias de mellora da calidade. No acto de inauguración xa se formulaba como obxectivo prioritario a *“Ilusión por ofrecer, en primeiro lugar, unha docencia de calidade ós estudantes que depositaron en nós a súa confianza”*.

As primeiras Memorias de Titulación que se conservan no centro datan do curso 2004-2005 para a titulación de Enxeñaría Química e do curso 2005-2006 para a titulación de Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas (titulacións xa extintas precedentes dos actuais Graos en Enxeñaría Química e en Enxeñaría Informática). Estas memorias, elaboradas por profesores que de forma desinteresada exercían o papel de Coordinadores de Titulación, recollían os datos máis salientables de cada título e eran a fonte principal de análise nas Reunións de Coordinación de Profesores que se realizaba ao comezo de cada cuadrimestre docente. De estas reunións saían iniciativas que se intentaban plasmar na docencia dos seguintes cuadrimestres. Estas iniciativas pódense asemellar as actuais Accións de Mellora aínda que adoeían dun desenvolvemento tan formal como o actual (non existen evidencias documentais nin da formulación das iniciativas que se deseñaban, nin do seu posible desenvolvemento, nin dos seus resultados).

A ETSE da un paso máis na súa aposta pola calidade, executiva como nos anos anteriores pero xa tamén formal, mediante a definición da súa Política de Calidade e a correspondente Planificación Estratéxica aprobadas en Xunta de Escola en abril de 2009. Este foi un fito moi importante previo á elaboración da primeira versión dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade (SGC) obrigados pola implantación dos planos de estudos adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). O propio desenvolvemento do SGC da ETSE incluíuse dentro dos Planos de Acción dos anos 2009 e 2010 que complementaron a definición da Política de Calidade do centro a iniciativa do equipo de dirección. Unha vez elaborado o SGC obtívose a acreditación do seu deseño polo programa FIDES-AUDIT en abril de 2010.

Dende o momento da verificación do SGC, todos os documentos anteriormente aprobados intégranse nel cos prazos indicados na programación e se define a Programación Plurianual 2009-2012 que inclúe os Planos de Acción do 2009 e do 2010 e unha previsión das accións de mellora para os anos 2011 e 2012. Durante estes anos continúanse a realizar na ETSE moitas iniciativas relacionadas coa xestión da calidade se ben non se presta especial atención ao seu aspecto formal. Esta situación queda reflectida no Informe (sen valoración nin favorable nin desfavorable) da Auditoría Externa de xullo de 2013 no que se afirma que *“a Escola cumpre coa maioría das directrices de FIDES-AUDIT, aínda que en algúns dos ítems formulados a recollida de evidencias é mellorable”*.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobou o seu primeiro SGC marco en decembro de 2009, e a Comisión Delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, en maio de 2013, aprobou unha simplificación documental do mesmo. A ETSE adopta a revisión de 2013 do SGC marco da USC aprobando en xuño de 2013 a primeira versión do seu Manual

 Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2015/2016
		Páxina 3 de 13

Simplificado do SGC. A versión en vigor do dito Manual Simplificado da ETSE do SGC data de outubro de 2014.

Durante o curso 2013-2014 faise énfase na mellora formal, especialmente no que se refire ao aspecto de información pública, dos procesos de calidade que xa se viñan desenvolvendo na ETSE. As actas das comisións que forman a estrutura de calidade publícanse de xeito sistemático dende ese ano recollendo ademais a información sobre as distintas actividades que se desenvolven. Nesta liña de actuación, de formalización da actividade de calidade que xa se viña desenvolvendo no centro, apróbase en xullo de 2015 a primeira versión do Plano Executivo de Calidade (PEC).

En outubro de 2014, froito dun amplo traballo de reflexión dos diferentes grupos de interese de case 6 meses de duración, apróbase en Xunta de Escola o Plano Estratégico da ETSE 2014-2020 (PE14/20), que está en liña co Plano Estratégico da USC 2011-2020. Como se indica na súa introdución, “pretende ser a primeira pedra” desta “nova etapa na Política de Calidade” marcada polo SGC marco de 2013. Neste PE14/20 a ETSE volve reafirmarse na súa Misión, na súa Visión e nos seus Valores definidos inicialmente na Política de Calidade de 2009. Despois dunha profunda reflexión colectiva sobre as fortalezas e debilidades, formulábanse 7 liñas estratéxicas de actuación que dan lugar a 26 obxectivos estratéxicos desenvolvidos en 48 accións estratéxicas. A Planificación Plurianual 2014-2020 (PP14/20) que desenvolve a execución temporal do PE14/20 apróbase en maio de 2015. Anualmente actualízase o estado da PP14/20.

En xullo de 2016 completase a proceso coa obtención da Certificación de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade de ETSE outorgado pola ACSUG. Este fito supón un recoñecemento ao traballo realizado, durante moitos anos, no eido da calidade na ETSE. Non supón ningún punto final pois a revisión de procesos é, en si mesma, un proceso continuo.

### **Títulos impartidos no Centro**

A ETSE conta na actualidade con 2 titulacións de Grao (unha delas coordinada nun dobre grao) e 3 titulacións de Máster:

- ✓ Grao en Enxeñaría Informática, dende o curso 2009-2010
- ✓ Grao en Enxeñaría Química, dende o curso 2010-2011
- ✓ Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas, dende o curso 2015-2016
- ✓ Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental, dende o curso 2005-2006
- ✓ Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos, dende o curso 2013-2014
- ✓ Máster Universitario en Big Data: Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos, dende o curso 2015-2016

### **Estrutura para a Calidade**

As peculiaridades propias dun centro politécnico fan necesario que a estrutura de xestión da calidade sexa multinivel. A gran diferenza de competencias a adquirir nas dúas titulacións de grao fan necesario que sexan as Comisións de Títulos as que desenvolvan a xestión de calidade específica de cada título. Por outra banda, as Comisións dos Másteres son as responsables legais do seguimento dos seus correspondentes títulos.

 Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2015/2016
		Páxina 4 de 13

As Comisións de Títulos de Grao (CTG) regúlanse a través do Regulamento Interno da ETSE, aprobado en Xunta de Escola en xuño de 2015. Cada Comisión esta composta por un membro do Equipo de Dirección, que a presidirá, o/a Coordinador/a do Título, 4 profesores/as e 2 Estudiantes, todos eles da titulación respectiva, e 1 PAS.

As Comisións de Títulos de Máster (CTM) regúlanse a través do Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao da USC. Segundo se establece en dito Regulamento, estarán compostas por o/a responsable do Centro ao que se adscriba o título, o/a coordinador/a do título, o/a xestor/a académico/a do Centro e 10 membros atendendo a varios criterios (deberán estar representados proporcionalmente os créditos impartidos polos diferentes departamentos e institutos que interveñan na titulación; os representantes do profesorado deberán impartir docencia no título; 2 membros deberán ser estudantes). O/a Coordinador/a do Título será responsable de propoñer os membros da Comisión de Título de Máster.

Na xestión da calidade dos títulos da ETSE cobran unha especial relevancia os/as Coordinadores/as de Título (CT). No caso dos Graos, serán propostos pola dirección do Centro e ratificados pola Xunta de Escola. Serán responsables de liderar e organizar a correspondente Comisión do Título.

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é o órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros. Tamén é o espazo de coordinación e busca de directrices comúns das Comisións de Títulos. Na busca deste último obxectivo, todos os/as Coordinadores/as de Título son membros natos da Comisión. A coordinación desta Comisión está en mans do Responsable de Calidade.

 Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2015/2016
		Páxina 5 de 13

## 2. Plano Executivo de Calidade

O Plano Executivo de Calidade (PEC), segundo se indica na súa introdución, “recolle a descrición detallada de todas as actividades periódicas, e algunhas esporádicas típicas, que se desenvolven na ETSE relacionadas co ámbito da Calidade na Docencia”. Tamén define a forma de xerar e almacenar as evidencias de cada unha destas actividades.

Durante o curso 2015-2016, a Comisión de Calidade aprobou a primeira versión é na revisión posterior do SGC incorporouse como un novo proceso. No anexo 01 encontrase a PEC correspondente a dito curso.

Neste PEC inclúanse catro grandes tipos de actividades:

- ✓ Enquisas
- ✓ Reunións con Profesores
- ✓ Reunións con Estudantes
- ✓ Reunións con Axentes Externos

En cada unha das actividades incluídas no PEC defínense os seguintes elementos:

- ✓ Responsables da Actividade (realización e explotación)
- ✓ Grupos de Interese a aplicar a Actividade
- ✓ Formato de Realización da Actividade
- ✓ Datas de Realización da Actividade
- ✓ Control da Participación na Actividade
- ✓ Documentación Producida na Actividade
- ✓ Uso do Resultado da Actividade

A final do curso avalíáronse as diferentes actividades incluídas no PEC do curso 2015-2016 para elaborar o PEC do curso 2016-2017.

	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2015/2016
		Páxina 6 de 13

### 3. Seguimento da Programación Plurianual do Plano Estratéxico

Na última revisión da Programación Plurianual 2014/2020 dáse conta do cumprimento dos obxectivos estratéxicos previstos no Plano Estratéxico 2014/2020, de outubro de 2014. A continuación resúmese os aspectos máis destacados de cada unha das liñas estratéxicas que forman a Programación Plurianual 2014/2020. A información completa do estado está dispoñible no anexo 02.

#### Liña Estratéxica 1: Infraestruturas

Nesta liña cumpríuse unha das necesidades máis importantes (Acción Estratéxica 1.2.A.) que solucionaba un defecto no mobiliario das aulas demandado polos estudantes desde bastante tempo atrás. Actualmente se está a traballar en completar a renovación os medios de proxección das aulas (Acción Estratéxica 1.2.B.). Completar estas tarefas depende das capacidades de financiamento do centro.

Neste curso pasado completouse a renovación total dos puntos de cobertura Wifi ampliando o número total en sete (Acción Estratéxica 1.2.C.). Está previsto abordar no curso actual a dotación de conexión de electricidade nas aulas para o uso de portátiles (Acción Estratéxica 1.2.D.). Tamén se deu un importante impulso ás solucións de infraestruturas que non dependían do centro senón da área de infraestruturas da USC (Acción Estratéxica 1.3.A. e 1.3.B.).

Por problemas de orzamento non foi posible renovar o equipamento de todas as aulas de informática (Acción Estratéxica 1.2.E.) que estaba previsto. Durante este curso se renovou unha e a acción mantense aberta para executar en próximos cursos en función das dispoñibilidades orzamentarias.

#### Liña Estratéxica 2: Oferta Docente de Grao

Nesta liña déronse pasos significativos na consecución dun catálogo de titulacións atractivo (Accións Estratéxicas 2.1.A. e 2.1.B.). Tralo desenvolvemento dunha dobre titulación entre o Grao de Enxeñaría Informática e o Grao en Matemáticas, os traballos actuais céntranse na proposta dunha nova titulación de Grao en Biotecnoloxía.

Se está a traballar na mellora da oferta dos Graos actuais co deseño dun semestre de mobilidade con 10 materias en inglés (Acción Estratéxica 2.2.B.).

Tamén nesta liña, cumpríronse varias das accións relacionadas coa mellora da información cara aos estudantes actuais e futuros (Accións Estratéxicas 2.3.A. e 2.7.A) aumentando un 20% a participación de profesores/as nas actividades do programa A Ponte. Tamén é de destacar, polo que supón de coordinación de actividades, a elaboración dun plan coordinado de visitas a empresas (Acción Estratéxica 2.5.A.).

Actualmente se está a traballar nunha enquisa que permita avaliar a obtención de competencias por parte dos estudantes de Grao (Acción Estratéxica 2.6.C.).

#### Liña Estratéxica 3: Oferta Docente de Posgrao

Nesta liña déronse pasos significativos coa verificación dunha nova titulación de Máster en Big Data (Acción Estratéxica 3.1.A.). Tamén se está a traballar na elaboración da memoria dun novo título de Máster en Biotecnoloxía Industrial (Acción Estratéxica 3.1.A.).

 Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2015/2016
		Páxina 7 de 13

#### **Liña Estratéxica 4: Calidade da Docencia**

Nesta liña destacan os aspectos relacionados coa implantación do Sistema de Garantía Interna da Calidade (Accións Estratéxicas 4.4.A., 4.4.B. e 4.4.c.) como son o PE14/20, a PP14/20 e a revisión de procesos do SGIC que realizou en xaneiro de 2016. O feito máis importante foi a obtención da certificación de implantación do SGC en xullo de 2016 (Acción Estratéxica 4.4.A.). Tamén é importante a definición do PEC (Acción Estratéxica 4.5.A.) como ferramenta de definición da dinámica de traballo dos Coordinadores de Títulos. Están implantadas as enquisas de opinión sobre a carga de traballo (Acción Estratéxica 4.7.A.) e de avaliación da adquisición de competencias por parte dos nosos estudantes (Acción Estratéxica 4.3.A.). É de destacar a especificación en cada unha das materias do GrEQ e GrEI do binomio metodoloxías vs. competencias desenvolvidas e actividade de avaliación vs. competencia avaliada durante o curso 2015-2016 (Acción Estratéxica 4.3.B.).

Os principais problemas atópanse no desenvolvemento do obxectivo de tentar mellorar a formación docente dos/as profesores/as (Accións Estratéxicas 4.2.A. e 4.2.B.). Non foi posible converter as ideas de traballo en actividades concretas por falta de definición.

#### **Liña Estratéxica 5: Xestión Administrativa**

Nesta liña destaca a posta en marcha do Twitter do centro (Acción Estratéxica 5.2.B.) como nova canle de comunicación de novidades. Na actualidade conta con preto dos 600 seguidores. O punto negativo foi a imposibilidade de mellorar a Web do centro (Acción Estratéxica 5.2.B.). A USC tiña previsto actualizar as Webs de centro a finais do curso 2014-2015 pero esta actualización aínda está pendente. A ETSE participará como centro de proba piloto en canto a nova estrutura estea operativa.

O aspecto menos desenvolvido son as accións de mellora dos procesos administrativos (Accións Estratéxicas 5.3.A., 5.3.B. e 5.3.c.). Parte destas actuacións está planificado que se leven a cabo a partir da revisión de procesos do SGC.

#### **Liña Estratéxica 6: Servizos**

O feito máis relevante foi conseguir sacar a concurso unha nova concesión da Cafetería (Acción Estratéxica 6.3.A.) que era unha necesidade fortemente demandada por todos os grupos de interese do centro.

#### **Liña Estratéxica 7: Relacións coa Sociedade**

Nesta liña destaca a renovación completa dos folletos informativos de todas as titulacións do centro e a Newsletter en inglés do Dpto. de Enxeñaría Química (Marzo 2015 o primeiro número; envío directo é a 1500 correo-e: egresados, administración, empresa, comunidade ETSE, IChemE) (Acción Estratéxica 7.1.A.). Tamén é importante o aumento do número de Convenios do centro con diferentes axentes do tecido empresarial (Acción Estratéxica 7.2.B.).



 Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2015/2016
		Páxina 8 de 13

#### 4. Seguimento dos Planos de Mellora anteriores

Neste apartado realízase unha análise dos aspectos máis destacados das Accións de Mellora programadas no curso da memoria, tanto no Centro, en convocatorias de Axudas de Docencia, como nas diferentes titulacións. O seu estado de execución é unha das fontes principais para as accións que posteriormente se propoñen.

##### Accións de Mellora da Docencia

O aspecto máis destacado foi a obtención de financiamento para actualizar a dotación dunha aula de informática e fondos para a mellora dos laboratorios docentes. Tamén se realizou un traballo intenso na procura de novas titulacións interesantes apoiando a elaboración da memoria do Grao en Biotecnoloxía e liderando a elaboración da memoria do Máster en Biotecnoloxía Industrial. O programa de enquisas continua a desenvolverse engadindo, pouco a pouco, novas tomas de datos. O PEC, incluído no anexo 01, foi desenvolvido de forma case completa. Queda por resolver o problema de Web, a espera de que a Oficina Web da USC compete o desenvolvemento de ditas páxinas web.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora da Memoria de Centro 2014-2015 pode ser consultada no anexo 03.

##### Grao en Enxeñaría Informática

O Plan de Melloras correspondente ao curso 2015-16 abrangue trinta accións diferentes, vinte e cinco das cales proceden do proceso de Renovación da Acreditación do título executado durante o curso 2014-15. As cinco restantes foron incorporadas a finais do ano 2015 durante a elaboración do Auto-informe de Seguimento do curso 2014-2015.

Entre os aspectos máis destacables, cabe sinalar que, en relación coa acción de mellora AM-GrEI-1, déronse os primeiros pasos de cara a lograr un reparto uniforme da carga de traballo ao longo do curso, ao executarse en ambos semestres a enquisa correspondente, tanto entre alumnos como profesores. Os resultados foron analizados pola Comisión do Título co obxecto de establecer contacto cos coordinadores das materias para as cales se apreciou un esforzo excesivo.

No que atinxe á acción AM-GrEI-2, acadouse unha mellor participación dos estudantes do título nos distintos órganos. Cómpre indicar que os catro cursos do título dispuxeron de delegado e subdelegado, que tres alumnos exerceron a representación do seu sector no Consello do Departamento de Electrónica e Computación e que outros seis fixeron o propio na Xunta de Escola (o que permitiu contar con estudantes do Grao na Comisión da Titulación, na Comisión Permanente e na Comisión de Calidade). Ademais, dous alumnos mantiveron durante este período a condición de claustral.

En resposta á demanda de manter un contacto fluído cos empregadores, co obxectivo de garantir que os egresados estean a desenvolver axeitadamente as competencias previstas (acción AM-GrEI-17), considérase de especial relevancia a constitución do Comité Externo de expertos procedentes do contorno empresarial e institucional. Agárdase que a eficacia desta acción sexa manifesta ao longo do curso 2016-17.

Outra das cuestións de interese é, sen dúbida, o incremento na participación dos profesores do título no programa institucional "A Ponte" coa intención de mellorar a difusión do noso plan de estudos na sociedade (acción AM-GrEI-18). Concretamente, cinco profesores de distintas áreas de coñecemento colaboraron impartindo charlas temáticas propias do seu campo de estudo.

 Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2015/2016
		Páxina 9 de 13

Finalmente, é de resaltar a modificación do procedemento de asignación de Prácticas Externas coa inclusión dunha nova fase na que os estudantes puideran reconsiderar as súas preferencias con respecto ao destino de traballo (acción AM-GrEI-28). En xuño de 2016 constatouse que a acción fora completada e que, de feito, se tiña executado por segundo curso consecutivo.

Para rematar, só referir que no novo Plan de Melloras para o curso 2016-17 terá lugar unha reestruturación a fondo da axenda, a cal contemplará todos aqueles aspectos de relevancia que, por mor de distintas circunstancias, houberon de ser adiados. En particular, incorporaranse accións relativas a estes cinco eixos: carga de traballo, mobilidade de estudantes, adquisición de competencias, docencia en inglés e actualización tecnolóxica do título.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora pode ser consultada no Informe de Seguimento dispoñible no anexo 05A.

### **Grao en Enxeñaría Química**

No curso 2015-2016 desenvolvéronse seis accións de mellora incluídas no informe de seguimento, máis catro accións propostas nas reunións co Comité Externo Consultivo formado por Empresas e Colexios Profesionais. Das seis accións de mellora do informe, catro foron rematadas en tempo e forma durante o curso, mentres que as outras dúas se manteñen para o curso actual, pois fan referencia a mobilidade (acción plurianual) como a acreditación IChemE, cuxa visita do Comité Auditor está prevista para outubro de 2017. En relación as catro propostas do Comité Externo Consultivo, fixéronse tres delas, mentres que a cuarta (correspondente a realización dun taller de coaching na aula profesional) está aínda pendente. Compre destacar a boa marcha do traballo que realiza o Comité Externo Consultivo, que con dúas reunións ao ano, analiza de forma pormenorizada aspectos concretos do Grao (por exemplo, prácticas en empresa, competencias atinxidas, etc.) que permiten elaborar un perfil do egresado en consonancia coas necesidades do mercado. A partires do curso 2016-2017, todas as accións de melloras estanse a uniformizar no seu procedemento de xeito que se suban a aplicación de calidade para ter un cronograma e monitorización máis sinxelo de todas elas.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora pode ser consultada no Informe de Seguimento dispoñible no anexo 05B.

### **Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental**

Ademais da renovación do patrocinio por parte dunha empresa líder no ámbito da Enxeñaría Ambiental (VIAQUA, do grupo SUEZ), continuouse coas accións de difusión do Máster, destacando a consolidación por segundo ano consecutivo do 1º posto no rankin de 250 Máster que elabora o xornal El Mundo (15/6/2016). Como consecuencia desas accións, esta titulación foi das primeiras en pechar a matrícula, consolidando unha porcentaxe moi importante de estudantes de outras universidades (un 25% estudaron previamente nas outras dúas universidades galegas, namentras que outro 25% proveñen de outras universidades españolas e estranxeiras).

Continuouse co impulso de acadar un maior número de convenios con empresas para a realización de prácticas externas. Nese eido, acadáronse este curso 11 novos convenios (Alvtek, Confederación Hidrográfica Miño-Sil, CSIC IAG Santiago, CSIC Instituto de Investigacións Mariñas Vigo, CSIC Misión Biolóxica de Galicia, EDAR de Bens, Endesa Generación Madrid, Gestagua, Estación Fitopatolóxica Areeiro, Sertego, Sogama). Outro ano máis este módulo

 Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2015/2016
		Páxina 10 de 13

(Prácticas Externas) acadou a maior puntuación nas enquisas de satisfacción por parte dos alumnos da titulación.

Outra actividade considerada coma moi importante no Máster, as visitas e prácticas de campo, mantívose durante este curso, con 9 visitas efectuadas. Isto foi posible grazas o financiamento conxunto acadado tanto pola ETSE como polo patrocinio de VIAQUA.

Destacar que foron completadas as accións de mellora relacionadas coa inclusión nas guías docentes das metodoloxías usadas para acadar as competencias en cada materia, as relacionadas coa potenciación da mobilidade de estudantes, potenciación de competencias sobre autoestima, seguridade persoal e pensamento crítico, entre outras. Hai un grupo de accións de mellora que requirirán varios anos de traballo como por exemplo a actualización da memoria do título segundo as suxerencias da comisión de reacreditación.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora pode ser consultada no Informe de Seguimento dispoñible no anexo 05C.

### **Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos**

No curso 2015-16 desenvóléronse once accións de mellora, cinco delas resultado do informe de seguimento do curso 2014-15, e as seis restantes do informe do proceso de reacreditación do Máster no curso 2015-16.

Dúas acción déronse por finalizadas, a AM-MEQB-3-Mellora da Coordinación de materias e módulos e a AM-MEQB-10 - Realización dun informe anual relativo á adquisición de libros por parte do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos. Con respecto á primeira, como resultado do traballo desenvolvido dende a coordinación dos módulos durante dous cursos, os resultados das enquisas de satisfacción dos alumnos coa docencia recibida e dos profesores coa docencia impartida melloraron significativamente. En canto a AM-MEQB-10, a Directora da Biblioteca da ETSE elaborou un informe relativo á adquisición da bibliografía básica nas guías docentes do máster para o curso 2016-17 e solicitouse a través do representante de alumnos información acerca do uso da bibliografía básica para fortalecer á máis empregada en posteriores cursos. Este será o procedemento a aplicar de aquí en diante para garantir a dispoñibilidade da bibliografía necesaria polo que a acción considérase rematada. Por outra banda, conseguíronse resultados positivos na acción AM-MEQB-1-Aumentar o número de alumnos de novo ingreso e traballouse nas restantes que continúan en desenvolvemento no curso 2016-17.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora pode ser consultada no Informe de Seguimento dispoñible no anexo 05D.

### **Máster Universitario en Big Data: Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos**

Este Máster implantouse no curso 2015-2016, polo tanto non dispón de accións de mellora correspondentes ao curso 2015-2016.

O Informe de Seguimento está dispoñible no anexo 05E.

 Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2015/2016
		Páxina 11 de 13

## 5. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

O feito máis importante, no curso 2015-2016, respecto ao Sistema de Garantía de Calidade (SGC) foi a obtención da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade no mes de xullo de 2016.

Durante o curso desenvolveuse unha profunda revisión de 6 procesos do SGC (deste proceso deuse conta detallada na Memoria da ETSE 2014-2015). Tanto estas modificacións como as que proveñen da certificación da implantación están pendentes de aplicación. Este retraso na aplicación é debido a que as suxerencias obtidas no proceso de certificación da implantación están sendo a utilizar pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para a elaboración dunha nova versión do Manual de Procedementos de aplicación para todos os centros da USC. Parece lóxico esperar a esta nova versión para reanalizar as modificacións previstas.

No obstante, e no marco do compromiso da ETSE de actualización permanente, o Plano Executivo de Calidade do curso 2016-2017 compromete a necesidade de revisión profunda de dous procesos: PC-04 Planificación das Ensinanzas (Procedementos Asociados: P01-PC-04 Elaboración do plan docente anual do centro; P02-PC-04 Elaboración dos horarios e calendario de exames; P03-PC-04 Elaboración e aprobación do plan de organización dos Departamentos -solo aspectos que afecten al centro-; P04-PC-04 Programación das materias) y PC-11 Avaliación da Aprendizaxe. Están programadas para desenvolverse durante o segundo cuadrimestre do curso 2016-2017.

 Escola Técnica Superior de Enxeñaría	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 2015/2016
	<b>FORMATO</b>	Páxina 12 de 13

## 6. Plan de Melloras do Centro

O Plan de Melloras do Centro e continuista respecto ao de cursos pasados pois as necesidades de recursos para a docencia seguen sendo o obxectivo principal. Articulase en 4 grandes liñas como se pode ver no anexo 04.

### Mellora da Oferta de Titulacións

Para o centro é unha preocupación constante traballar na mellora e ampliación da súa oferta tanto de títulos de grao como de títulos de máster. A aposta de futuro neste ámbito son as titulacións relacionadas co campo da Biotecnoloxía.

### Programas de Enquisas ETSE

Dispoñer de información para aplicar os procesos de calidade é unha tarefa sobre a que adicar esforzos constantemente. Aínda que non é unha tarefa a resolver nun ano, a liña de actuación e ir aumentando e mellorando as enquisas que se realizan. Especial preocupación ao feito de difundir a información obtida nesas enquisas é que esa información esté ben canalizada nos circuítos de toma de decisións.

### Infraestruturas Docentes

A dotación dos Laboratorios e das Aulas de Informática é unha preocupación constante pois é a base dunhas titulacións eminentemente prácticas como as que se imparte neste centro.

### Mellora dos Canais de Difusión de Información

A difusión de información é unha preocupación constante. En particular, a necesidade urxente de mellorar a web do centro.